




experiencias

Un proxecto sobre a auga en educación infantil

M.ª Dorinda Mato Vázquez, Universidade da Coruña, mmatov@udc.es



Esta experiencia levouse a cabo con alumnos de cinco anos e foi produto dunha colaboración entre a autora deste artigo e a mestra do terceiro curso de educación infantil. O proxecto centrarse no estudo da auga e agrupa diversas actividades, coas que se pretenda conseguir que os rapaces reflexionasen a través da súa experiencia más inmediata e construisen as súas aprendizaxes dunha maneira significativa.

Dende a universidade cooperamos con diversos centros no deseño e posta en práctica de metodoloxías innovadoras que incidan nunha mellora da educación. Unha simbiose enriquecedora para as dúas partes polo que supón un descubrimento continuo é unha contribución na adquisición de coñecementos. Cremos que o alumno debe ser o protagonista do proceso educativo, porque el é quem debe construir as súas ideas e saberes. O enfoque metodolóxico por proxectos permite desenvolver as competencias básicas favorecendo a práctica reflexiva, contemplando a diversidade, axudando os nenos a manexar a información e involucrando a todos os membros que integran a comunidade educativa.


Co gallo do 22 de marzo, día no que se celebra o Día Mundial da Auga (o 22 de decembro de 1993 a Asamblea Xeral das Nacións Unidas adoptou esta resolución) decidimos realizar un conxunto de actividades de sensibilización para transmitir aos estudiantes a importancia dun recurso tan valioso como limitado, que esperta moita preocupación a escala mundial. Por ese motivo estimamos que era necesario concienciar os alumnos da necesidade de preservar este elemento da natureza e, á vez, fácelles comprender a importancia que ten para a propia vida.

Todo arranca na asemblea

A conversa iniciase con preguntas sobre o uso que lle damos á auga a diario. Os pequenos contestan: "é moi importante para vivir", "coa auga máñan rega as plantas", "máñan lila lava os vasos", "eu dúchome pola noite", "eu bebo á comida", "Paula pon a lavadora e o lavaloúz". A conversación estivo zarrapicada de anécdotas vividas polos cativos, como cando se molllan de camiño ao coleccio, cando deixan abertas as billas, cando teñen sede. Esta primeira fase resulta moi beneficiosa, pois é a que provoca o seu interese. De aí que sexa tan importante deixallos falar sen coutarles a iniciativa.

Transcorrido ese primeiro momento, pasaron a unha fase máis sosegada, na que começaron a xurdir as primeiras interrogantes, como os lugares nos que podemos atopar auga na natureza, ou que animais viven nos nosos mares e ríos. O proxecto comezaba a tomar forma, presentábanse as primeiras cuestións sobre o que querían saber e onde obter información.

A onde queriamos chegar



O que tratábamos de conseguir era que os nenos considerasen a importancia da auga para a vida, que se decatasen da súa presenza na natureza, coñecesen o seu ciclo e observasen o paso dun estado a outro. Pretendiamos que se interesasen por experimentar con ela e, que pouco a pouco, se fosen concienciando como consumidores. E nun remullo de ideas ían achegando sugerencias sobre o que podíamos facer para gastar menos auga na escola, na casa, no xardín, etc.


O tema deuños unha oportunidade de traballar coas tecnoloxías da información e da comunicación, tanto para documentarnos, como para decatarnos de en que circunstancias aparece a auga como nova de prensa. E xa cando a información recibida e o interese estaban no seu grao máis alto, acabamos elaborando unha lista de consellos prácticos para utilizar mellor a auga e para coidar o contorno dos mares e dos ríos.

As actividades

Buscamos información

En libros de consulta, na biblioteca, no INE (Instituto Nacional de Estatística), en EMALCSA (Empresa Municipal de Augas da Coruña), en Internet, etc. Esta fase de pescuda fomentou a atención, o silencio, a curiosidade, habilidades moi importantes para desenvolver a capacidade de investigar e de saber.

Entre todos elaboramos un mural que se foi completando cos datos que íamos obtendo cada día. Colocouse nunha parede da aula, nun lugar visible e á altura de todos os alumnos.



Fixemos experimentos

Observavamos os tres estados: sólido, líquido e gás. Nunha neveira levamos xeo á clase e os alumnos botárono nun recipiente de metal. Despois dun tempo comprobáron que os cubos de xeo desapareceran. Trocaránse de recipiente encima do radiador para verificar que nunhas días non había nada, xa que se evaporara.

Logo trasladaron este traballo ás súas casas. Coa axuda dos pais empregáron o conxelador para pasar o líquido a estado sólido e a vapor, poñendo un cazo ao lume. Tamén, comprenderon os conceptos contable (contar os cubos de xeo) e non contable (líquido e vapor), medible (estado sólido e líquido).

Recollémos a choiva caída durante unha semana. Cubríronse unhas fichas de rexistro diárias. Usáronse unha cubeta e uns vasos de plástico e ao chegar pola mañá, contában cuntos vasos de auga se enchián coa cubeta que deixaran o dia anterior no patio.

Traballáronse as diferencias entre doce e salgado. Para iso démoslles a cada neno tres vasos de plástico con auga, nos que botaron unha cullerada de azucré, outra de sal e o outro, nada. Remexeron e probaron o contido de cada vaso.

Elaboramos unha ficha de rexistro persoal para compilar datos indicando se a auga lle gustaba moito, pouco ou nada, se lle gustaba a auga da billa, embotellada, da chuvia...

Decatámonos dos usos que lle damos á auga

Fixouse unha lista de coas principais utilidades que lle outorgamos nas nosas vidas.

Localizamos a súa presenza na natureza

Saimos de excursión para observar o mar, as fontes, os ríos *in situ* e o seu contorno. Realizáronse fotografías e recolléronse materiais que despois se levaron á aula (algas, cunchas, esqueletos...).

Situámonos nun mapa de Galicia os ríos e mares e explicounoselle onde había auga salgada e auga doce. Que ríos levan máis ou menos auga. Cales eran máis longos ou máis curtos.

Fixemos un mural cosas fotos e a información recollida. Cada neno debuxou unha situación, acción e lugar de como se atopa a auga. Unha vez acabado o mural, todos xuntos, observáron e asentáronse conceptos como:

- Que auga se pode beber e cal non.
- O aproveitamento da auga.
- O compañeirismo e a participación.
- O respecto pola auga e o respecto polos compañeiros.

Pensamos que podíamos facer para racionalizar o seu uso

Elaboramos un "libro de consellos" para afarrar e utilizar mellor, así como para manter limpo o río, a praia e o seu contorno. Coa axuda do ordenador escribiron o texto. Este libro pasou a formar parte do recinto da biblioteca. Tresacámos algúns exemplos:

- Cando laves os dentes, emprega un vaso.
- Non deixes as billas abertas.
- Debes ducharte en vez de bañarte.
- Manda que un maior repare as billas que perden auga.
- Debes aproveitar a auga da choiva para regar as plantas.
- Non se debe lavar o coche coa manguera.
- Non imos tirar bolsas nin no río nin no mar.

Cantámos e imaxinamos

Recollémos cantigas sobre a auga, unhas nos libros e outras dos pais e avós dos nenos. Algunhas cantámolas na clase.

A auga é vida, tela que coidar. A auga é vida dilelo aos demás.

Cóntalleis a todos o que digo na miña canción.

A pesar de har moiña auga na terra, é só a auga doce a que podemos tomar.

Cos ríos e lagos debes ter cordad non se vayan achicar.

Lemos o conto *A pingüína Clarita*, que narra o ciclo da auga na natureza. Despois fabricámos un mural, no que os nenos deixaron plasmada a súa interpretación do proceso.

Recibimos visitas moi interesantes

Convidáronos para que viñesen falar das súas experiencias o pai dun neno que traballa en Augas da Coruña, outro que é mariñeiro e un terceiro pescador de río. Foron moitas as preguntas que lleiñan formularon os rapaces: "como chega a auga ás nosas casas?", "está toda nun depósito?", "quén é o dono da auga?"

O mariñeiro ofrecéulle a posibilidade de acompañalo un día a pescar no seu barco. Todos os alumnos mostraron moito interese e dixeron que ían ver se os deixaban ir os seus pais. O pescador de río era un home moi cordial que trouxo todos os aparellos e o traxe de faena. Ensinalouos a manexar a cana e a colocar o anzol e o chumbo. Aos alumnos encantouos. Cando se foron os visitantes fixemos unha posta en común e comentáronos as súas impresións e o que aprenderan sobre o tema.

Descubrimos a fauna do contorno

Elaborouse un ficheiro cun carmél de cada un dos peixes, mamíferos e aves da nosa comarca. Para facer este traballo contamos coa colaboración dunha profesora de Bioloxía.

Traballamos con xornais

Buscamos fotografías relacionadas coa auga e a terra desértica. Comentáronse e despois efectuouse un breve resumo. Despois pasaron a formar parte do recunciño da prensa.

Agora temos peixes na escola

Como remate da experiencia mercéronse un acuario no que os nenos coidan gupis, meóns, monxes (de auga quente) e outro para percas (de auga fría).

Avaliación

Afinalidade deste proxecto era responsabilizar, sensibilizar e implicar os alumnos na preservación e coñecido dos recursos naturais. Entendemos que se logrou una boa parte destas aspiracións, posto que ao rematar esta tarefa, pudimos observar que os nenos amosaban actitudes moi más críticas con certos comportamentos e que adquireron algúns hábitos destinados a economizar a auga en situaciones habituais de uso.

Por outra banda, o itinerario seguido resultou moi motivador e espertou un grande interese desde o primeiro momento, o que facilitou o acceso a novos coñecementos, a facer preguntas e compartir o traballo cos compañeiros e coas persoas que viñan de fóra da aula. En todo momento foron protagonistas da súa propia aprendizaxe, a través da experimentación, observación, expresión e investigación.

Interesa resaltar a cantidade de aspectos que foron quen de realizar eles sós, e a facilidade que tiveron para xerar novas ideas e buscar solucionáns ás dificultades que ían aparecendo. Pero, sobre todo, aprenderon a pensar, a utilizar a lóxica, a formular hipóteses sobre os comportamentos físicosalgúns materiais e a enriquecer a lingüaxe.

O feito de que a experiencia se desenvolveuse arredor da vida real propiciou un acercamento dos nenos ós coñecementos, ós que contribuíu a unha motivación e a un compromiso intensos. Por outra banda, o clima de afectividade que se xerou, supuxo un paso máis na socialización e na comunicación, tanto entre iguais como dos nenos cos profesores. A colaboración das familias resultou moi interesante, polos saberes que lleiñan aos nenos e porque conseguiron enganchálos nas conversas que se organizaron. Intentámos sempre que se implicasen na avaliación; para iso asegurámonos de que entendesen o que estaban facendo, por que se facía, cales eran as metas e os obxectivos propostos.

• Cando laves os dentes, emprega un vaso.

• Non deixes as billas abertas.

• Debes ducharte en vez de bañarte.

• Manda que un maior repare as billas que perden auga.

• Debes aproveitar a auga da choiva para regar as plantas.

• Non se debe lavar o coche coa manguera.

• Non imos tirar bolsas nin no río nin no mar.

Cantámos e imaxinamos

Recollémos cantigas sobre a auga, unhas nos libros e outras dos pais e avós dos nenos. Algunhas cantámolas na clase.

A auga é vida, tela que coidar. A auga é vida dilelo aos demás.

Cóntalleis a todos o que digo na miña canción.

A pesar de har moiña auga na terra, é só a auga doce a que podemos tomar.

Cos ríos e lagos debes ter cordad non se vayan achicar.

Lemos o conto *A pingüína Clarita*, que narra o ciclo da auga na natureza. Despois fabricámos un mural, no que os nenos deixaron plasmada a súa interpretación do proceso.

Recibimos visitas moi interesantes

Convidáronos para que viñesen falar das súas experiencias o pai dun neno que traballa en Augas da Coruña, outro que é mariñeiro e un terceiro pescador de río. Foron moitas as preguntas que lleiñan formularon os rapaces: "como chega a auga ás nosas casas?", "está toda nun depósito?", "quén é o dono da auga?"

O mariñeiro ofrecéulle a posibilidade de acompañalo un día a pescar no seu barco. Todos os alumnos mostraron moito interese e dixeron que ían ver se os deixaban ir os seus pais. O pescador de río era un home moi cordial que trouxo todos os aparellos e o traxe de faena. Ensinalouos a manexar a cana e a colocar o anzol e o chumbo. Aos alumnos encantouos. Cando se foron os visitantes fixemos unha posta en común e comentáronos as súas impresións e o que aprenderan sobre o tema.

Descubrimos a fauna do contorno

Elaborouse un ficheiro cun carmél de cada un dos peixes, mamíferos e aves da nosa comarca. Para facer este traballo contamos coa colaboración dunha profesora de Bioloxía.

Traballamos con xornais

Buscamos fotografías relacionadas coa auga e a terra desértica. Comentáronse e despois efectuouse un breve resumo. Despois pasaron a formar parte do recunciño da prensa.

Agora temos peixes na escola

Como remate da experiencia mercéronse un acuario no que os nenos coidan gupis, meóns, monxes (de auga quente) e outro para percas (de auga fría).

Avaliación

A finalidade deste proxecto era responsabilizar, sensibilizar e implicar os alumnos na preservación e coñecido dos recursos naturais. Entendemos que se logrou una boa parte destas aspiracións, posto que ao rematar esta tarefa, pudimos observar que os nenos amosaban actitudes moi más críticas con certos comportamentos e que adquirieron algúns hábitos destinados a economizar a auga en situaciones habituais de uso.

Por outra banda, o itinerario seguido resultou moi motivador e espertou un grande interese desde o primeiro momento, o que facilitou o acceso a novos coñecementos, a facer preguntas e compartir o traballo cos compañeiros e coas persoas que viñan de fóra da aula. En todo momento foron protagonistas da súa propia aprendizaxe, a través da experimentación, observación, expresión e investigación.

Interesa resaltar a cantidade de aspectos que foron quen de realizar eles sós, e a facilidade